

- **L. GALEGA**

Para esta semana vos propoño, como en L. Castelá, traballar todos os contidos traballados no apartado “Audición e Linguaxe: Recursos 2”; co obxectivo de realizar un repaso xeral do que subín ata agora nesa sección. Polo tanto, repasaremos:

- O adxectivo.
- Sílaba tónica e acento gráfico.
- Regras de acentuación.
- O substantivo.

Como en L. Castelá, contades con resumos e esquemas que facilitan a realización das tarefas.

O ADXECTIVO

GRAMÁTICA. O ADXECTIVO

- **OS ADXECTIVOS** EXPRESAN A CALIDADE DOS NOMES MEDIANTE DIFERENTES GRAOS:
 - **GRAO POSITIVO:** O ADXECTIVO INDICA UNHA CALIDADE DO NOME SEN MAIS.
 - **GRAO COMPARATIVO:** O ADXECTIVO INDICA UNHA CALIDADE DO NOME COMPARÁNDOA COA DOUTROS PERSOAS, ANIMAIS OU COSAS:
 - DE SUPERIORIDADE
 - IGUALDADE
 - INFERIORIDADE
 - **GRAO SUPERLATIVO:** O ADXECTIVO EXPRESA UNHA CALIDADE NO SEU GRAO MAIS ALTO.

1. Sinala os adxectivos das seguintes oracións:

- Tivo unha idea brillante.
- Ese rapaz é o máis alto da clase.
- Ela ten un irmán máis pequeno.
- Gústanme moito os teus zapatos, son moi bonitos.
- Esa pelota vermella é a máis grande de todas.

2. Indica o grao no que se atopan os seguintes adxectivos:

- Contento: _____
- Limpísimo: _____
- Menos honrado ca...: _____
- Moi veloz: _____
- Especial: _____

3. Escribe unha oración cun...

- Adxectivo de grao positivo: _____

- Adxectivo de grao comparativo: _____

- Adxectivo de grao superlativo: _____

REGRAS DE ACENTUACIÓN

Palabras agudas

Levan acento gráfico cando rematan:

- En vogal: *mañá, aquí, café...*
- En -n: *curmán, melón...*
- En -s: *cantís, compás...*
- En -ns: *curmáns, algúns...*

Non se acentúan cando son monosílabas (*el, si, non, fe...*), cando acaban en ditongo decrecente (*cantei, seguiu, ademais, papeis...*) ou cando acaban noutra consoante que non sexa -n ou -s (*papel, arroz, nariz...*).

Palabras graves

Levan acento gráfico cando rematan:

- En consoante distinta de -n ou -s: *réptil, carácter, clímax, alférez...*
- En grupos consonánticos distintos de -ns: *fórceps, bíceps, cámping...*
- En ditongos decrecentes: *amábeis, hóckey...*

Non se acentúan cando rematan en vogal, -n, -s ou -ns (*mapa, lapis, canon, dolmens...*).

Palabras esdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

véspera, médico, nádega, psicóloga...

1. Clasifica as palabras da actividade anterior no seguinte cadro.

PALABRAS: pantalóns, lóstrego, aparelador, semáforo, libro, felicidade, bicicleta, frigorífico, soñar, camisa.

ESDRÚXULAS	LLANAS	AGUDAS

Localiza nas sopas de letras os nomes dos elementos debuxados. Cada nome aparece nunha sopa distinta en función de se é unha palabra aguda, grave ou esdrúxula.



agudas

P	O	C	R	U	A
A	F	A	O	P	U
T	E	R	M	I	N
I	Ñ	A	S	T	O
N	C	C	H	I	U
S	E	O	X	E	C
O	I	L	U	Z	A
V	O	R	S	E	F

graves

X	I	L	L	O	A
E	L	P	I	L	C
S	A	R	O	I	A
A	P	X	S	T	L
N	I	M	U	E	I
T	S	O	N	E	Z
O	I	U	C	H	O
V	A	L	B	U	M

esdrúxulas

X	E	R	U	S	O
T	U	G	O	E	A
A	E	R	M	M	N
F	R	A	S	A	C
O	C	B	H	F	O
S	A	R	O	O	R
O	I	L	U	R	A
T	O	R	Ñ	O	E

O SUBSTANTIVO



1. Arrodea nas seguintes oracións, os substantivos comúns e propios que atopas.

- Esta mesa é moi grande.
- A miña amiga Sara é moi simpática.
- O outro día fun visitar Muxía.
- Aquela rapaza chámase María e ten unha cadela moi bonita.

COMÚNS	PROPIOS

2. Escribe os substantivos individuais que lle corresponden a estes substantivos colectivos:

- Enxame: _____
- Constelación: _____
- Rebaño: _____
- Equipo: _____

3. Risca os tres substantivos que non son abstractos:

- Home
- Tristeza
- Alegría
- Empanada
- Esperanza
- Mar